

Núñez Singala recrea nunha novela a traxedia do 'Santa Isabel' en Sálvora

RIBEIRA O salón de actos do Centro Cultural Lustres Rivas vai acoller o vindeiro xoves, 18 de xaneiro, ás 20.30 horas, a presentación do libro *Noite de Temporal*, escrito por Manuel Núñez Singala, novela de non ficción que recrea a traxedia do *Santa Isabel* na illa de Sálvora. O evento está organizado polo Concello de Ribeira en colaboración coa Asociación Cultural Barbantia e coa

editorial Oqueleo. O acto será presentado polo escritor Antón Riveiro Coello, quen tamén manterá unha breve conversa pública con Núñez Singala. Tamén están previstas as intervencións de Ana María Guerra, directora da editorial Oqueleo, e dun representante municipal. As persoas que asistan á presentación levarán de balde un exemplar da novela a modo de agasallo. O acce-

so é libre e gratuito. Coñecido como o *Titanic galego* ou o *Titanic de Sálvora*, o *Santa Isabel* naufragou hai 97 anos na ría de Arousa. Este naufraxio está considerado a maior traxedia marítima na historia de Galicia e nel faleceron 213 das 268 persoas que viaxaban no buque. O barco, que cubría a liña Bilbao-Cádiz naufragou a madrugada do 2 de xaneiro do ano 1921. M. G.



O Concello de Ribeira e a A. C. convidante á presentación

Noite de tempo

M. Núñez Singala

Data: 18 de xaneiro, xoves

Hora: 20.30 h

Lugar: Salón de actos do Centro Cultural Lustres Rivas (R/ Manuel Lustres Rivas, 20, 2ª, Ribeira)

Os asistentes á presentación levarán de balde un exemplar da novela por xentileza.



CONCELLO DE RIBEIRA

barbantia